



Concello de **OURENSE**

DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense, 05 de xullo de 2017

Visto o informe-proposta elaborado polo Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria en funcións, de data 03 de xullo, refrendado pola Sra. Concelleira Delegada de Facenda, en relación coa solicitude de aprobar unha transferencia de créditos feita pola Concellería de Asuntos Sociais, mediante providencia, asinada o 30 de xuño, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como de acordo co artigo 14 das Bases de execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO** :

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 13-T/2017, utilizando a figura das transferencias de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto, nos seguintes termos:

Área de gasto 2

A) APLICACIÓNS QUE RECIBEN CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N150.2311.22690	Libros de texto familias recursoso escasos	4.500,00 €
N150.2311.22692	Gastos diversos Acción Social	1.500,00 €
N150.2314.22648	Apoio a familias monoparentais con fillos menores	3.000,00 €
Total Transf. Positivas:		9.000,00 €

B) APLICACIÓN QUE TRANSFIRE CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N230.2310.16000	Cuota patronal S. Soc. Serv. Sociais e P. Social	9.000,00 €
Total Transf. Negativas:		9.000,00 €

2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.

Mándao e asíno o Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, do que eu, Oficial Maior, dou fe.